

Reduce Residuos: Aforra Recursos

É o noso Reto, é a nosa Responsabilidade

Con pequenos xestos diarios, podemos contribuír, entre todos, a minimizar a xeración de residuos urbanos. Con iso logramos, non só importantes beneficios ambientais, senón tamén económicos e sociais. A continuación detallamos uns sinxelos consellos cos que reducir a produción de residuos, tanto na compra, apostando por un consumo responsable, como na oficina e centros educativos, así como no propio fogar.

Na compra, non compres residuos:



Intenta adquirir artigos que estean minimamente involucrados. Á hora de escoller entre produtos semellantes, elixe aqueles que teñan menos envases e embalaxes.



Non esquezas levar o teu carro da compra ou a bolsa de lona ou tea de toda a vida, evitando con iso utilizar unha nova bolsa de plástico cada vez. Rexeita as bolsas que non necesites, aínda que insistan en regalarchas.




Solicita ao dependente/a que non envolva nin empaque os produtos que mercaches, salvo que sexa imprescindible.



Procura mercar artigos reutilizables. Recorda que os de usar e tirar incrementan a cantidade de residuos.



Promove o uso de produtos que veñan en recipientes reenchibles.




Rexeita os consumibles (froitas, carnes, verduras) envasados en bandexas de plástico.




Acostúmate a adquirir artigos a granel ou sen empaquetar. Pensa que o envoltorio non forma parte do produto que adquirimos e que remata por converterse nun residuo do que nos desprendemos inmediatamente.



Nas bebidas e líquidos, **opta por envases grandes, e se son retornables, mellor.** As botellas, frascos e tarros de vidro son unha magnífica opción (o vidro é 100% reciclable).




Recorda que **mercar en grandes cantidades** non só é máis barato, senón que tamén **permite reducir a cantidade de embalaxes.** Ten en conta que os produtos en tarro familiar xeran menos residuos por unidade.



Antes de realizar a compra, fai a lista do que necesites. Deféndete ante as estratexias de venda das grandes superficies (ofertas tentadoras, compras impulsivas, etc).



Á hora de elixir un produto, ten en conta a súa calidade e durabilidade, así como os residuos que xeran as diferentes opcións de comercialización deste.



Merca os alimentos tendo en conta a súa caducidade. Planifica o teu consumo.

Na oficina e centros educativos:



Non desaproveites o papel. Usa sempre as dúas caras das follas e reutiliza as impresas por un lado para borradores, tarefas, comunicación informal, etc.



Usa papel reciclado sempre que poidas. Isto aumentará a súa demanda contribuíndo á súa maior produción e, en consecuencia, á preservación de recursos naturais.



Dá preferencia aos materiais con recambio. É un xeito eficaz de reducir, máis ecolóxica e económica que a utilización de materiais dun só uso.



Utiliza o teu propio vaso ou cunca e evita o uso de desbotables.



Os papeis de imposible ou difícil reciclaxe (plastificados, encerados, ...) **só deberías empregarlos cando non exista outra posibilidade** menos impactante.

No fogar:




Usa trapos de cociña en lugar de rolos de papel, e utiliza panos de algodón en lugar de panos de papel.



Adquire pilas recargables en lugar das convencionais.



Cos restos das comidas e un pouco de imaxinación, podemos preparar atractivos menús, evitando que rematen no cubo do lixo.



Respecto ás cousas que xa non usen os membros da unidade familiar, debemos procurar que alguén as reciba. Recorda que con moi pouco podes facer máis doada a vida doutros.

Dende a responsabilidade compartida, animámosche a que nos envíes as túas suxestións para divulgar distintas prácticas na redución da produción de residuos urbanos. Procederemos a publicar os mellores consellos na nosa páxina web, xunto cos teus datos, se así nos autorizas.